

ACTA n.º 06/2023

**REUNIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN
TERRITORIAL DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

---- Aos oito días do mes de novembro do ano dous mil vinte e tres, ás 15:30 horas PT, nas instalacións da CIM Alto Minho-Valença, situadas na Avenida Miguel Dantas, nº 69, en Valença, reuniuse o Consello Coordinador do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho – **AECT Rio Minho**. -----

---- Estiveron presentes, en calidade de membros do Consello Coordinador do **AECT Rio Minho**, o Director, Roberto José Álvarez Carrero, Deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, o Vice-director, Rui Pedro Teixeira Ferreira da Silva, Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, Ana Paula Vaz Almendra Xavier, Vice-Presidente da Câmara Municipal de Valença, en representación do Vogal, José Manuel Vaz Carpinteira, Presidente da Câmara Municipal de Valença, e en representación da Vogal Alcaldesa de Ponteareas, María Nava Castro Domínguez, estivo presente Silvia Fernández Táboas, Vice-Alcaldesa de Ponteareas. Asistiu tamén á reunión o membro do Secretariado Técnico, António Pereira Torres. -----

---- A reunión foi presidida polo Director do Consello Coordinador do **AECT Rio Minho**, Roberto José Álvarez Carrero, tendo sido tratados, dacordo coa orde de traballos, os seguintes asuntos: -----

---- Asunto nº 1: Aprobación da acta da reunión anterior;

---- Tras a abertura dos traballos polo Director do AECT Rio Minho, foi presentada a Acta da reunión realizada o día 18 de outubro de 2023, a cal, despois de lida e conferida, foi aprobada de xeito unánime polos presentes nesa reunión e será asinada polo Director e polo Vice-Director. -----

---- Asunto nº 2: Apreciación/aprobación do Plan de Actividades e Orzamento 2024

---- Tras a análise e discusión deste documento provisional, o Consello Coordinador decidiu, por unanimidade, e para permitir unha mellor avaliación por parte dos servizos da Deputación de Pontevedra, adiar a súa aprobación para a próxima reunión do Consello Coordinador. -----

---- O Consello Coordinador aprobou aínda, por unanimidade, a proposta do Director, Roberto Carrero, para axilizar os procedementos/dilixencias necesarias á designación do Secretario Técnico representante da DEPO, dacordo cos estatutos e regulamento interno. -----

---- Asunto nº 3: Asuntos relacionados coa implementación dos proxectos do AECT Rio Minho:

---- No ámbito deste asunto aínda non foi tomada calquera deliberación. -----

---- **Asunto nº 4: Outros asuntos de interese para o AECT Rio Minho:**

---- No ámbito deste asunto, foron aprobadas, por unanimidade, as seguintes deliberacións:

- Adxudicación de proposta de prestación de servizos por Axuste Directo Simplificado ADS_34, de auditoría ás contas do AECT Rio Minho referentes ao ano de 2023, a Artur Moreira&Ricardo Pereira, SROC, polo valor de 1500 euros, máis IVA á taxa legal en vigor, adxudicación condicionada á designación do ROC pola AG; -----
- Propor á Asemblea Xeral de designación de Artur Moreira&Ricardo Pereira, SROC, para Auditor Contas 2023, dacordo co artº 18º dos Estatutos do AECT Rio Minho; -----
- Apertura de procedemento Axuste Directo AD_09_23, á empresa Corolário Consultores, SL, de Arbo – Pontevedra, para prestación de servizos de apoio técnico ao AECT Rio Minho até 31 de decembro de 2023; dilixencias necesarias e aprobación polo Director de Proposta Apertura, Convite, Caderno de Encargos, Contrato; -----
- Alteración Orzamental nº6, con permutativa do gasto nº 05, e permutativa de PPI nº 2, de modo a permitir a adquisición de equipamento informático aínda en 2023 no ámbito do proxecto Rede_Gov_Minho, co-financiado polo Programa Interreg VI A; (Anexo1) -----

---- Foi aínda presentado o resumo da situación financeira do AECT Rio Minho a 08.11.2023: -----

- Bancos: 91.945,43 euros; -----

- Débedas a provedores: 39.980,0 euros (Sóltrafego). -----

---- Non habendo nada máis para tratar, foi pechada a presente reunión ás dezasete horas. -----

---- E, para constar, se elaborou a presente Acta que fica asinada polo Director e polo Vice-Director. -----

Valença, 08 de novembro de 2023

O Director,

(Roberto José Álvarez Carrero)

O Vice-Director,

(Rui Pedro Teixeira Ferreira da Silva)